

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 19 de decembro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González

NON ASISTEN:

D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dezanove de decembro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1552).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 5 de decembro de 2014. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1553).- CORRECCIÓN DE ERRO SOBRE IMPORTE DO ALUMEADO DE NADAL DOS EXERCIZOS 2014 E 2015 DO CONTRATO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 15496/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 03/12/14, dáse conta do informe-proposta do 10/11/14, do xefe dos Servizos Enerxéticos, asinado polo asesor xurídico de área e conformado polo xefe da área de Fomento e polo concelleiro-delegado da mesma, que di o seguinte:

"A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 10 de decembro de 2013 aprobou o expediente de referencia.

Con data 30 de decembro de 2013 asínase a modificación do contrato de referencia e a prórroga por dous anos do mesmo entre o Concello e a mercantil "IMESAPI,S.A."

No punto 4 da proposta apróbase o gasto para os dous anos da prórroga do contrato por importe de 4.701.501,60 € (IVE engadido) con cargo a distintas partidas entre as que se atopa a partida 4310.213.0000 que sufraga os gastos do alumeado do Nadal incluído en dito contrato.

Con data 7 de novembro de 2014 o técnico municipal D. Benjamín Collazo Rodríguez, por encomenda, xefe do Servizo de Comercio, emite informe aclaratorio do importe do alumeado do Nadal contemplado no contrato de referencia ao considerar que existe un erro no cálculo do importe de dito alumeado que figura no acordo da Xunta de Goberno Local do 10 de decembro de 2013 correspondentes as anualidades 2014 e 2015, derivado das variacións sufridas polo IVE, de tal xeito que o importe correcto ascende a 291.999,36 €/ano (IVE engadido do 21 %) e non 283.378,68 €/ano que se contemplan no referido acordo.

En dito informe aclaratorio indícase que o novo importe a considerar supón un incremento do contrato de 8.620,68 €/ano sobre o importe aprobado pola Xunta de Goberno Local do 10 de decembro de 2013, existindo crédito adecuado e suficiente na partida correspondente do presente exercizo.

Previamente a someter o expediente de corrección de erros a aprobación da Xunta de Goberno Local e preciso o informe de fiscalización da Intervención Xeral.

Por isto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

- 1º.- Corrixir o erro de feito existente no acordo da Xunta de Goberno Local do 10 de decembro de 2013 en canto ao prezo durante a prórroga do contrato de xestión do servizo de mantemento das instalacións do alumeado público do Concello de Vigo.*
- 2º.- Aprobar a modificación do prezo total da prórroga do contrato de xestión do servizo de mantemento das instalacións de alumeado público do concello de Vigo, pasando de 4.701.501,60 € a 4.718.742,96 € (IVE engadido) para as dúas anualidades que comprende.*
- 3º.- Modificar o importe anual imputado a partida 4310.213.0000 que da cobertura o alumeado do Nadal quedando cos seguintes importes anuais:
Exercizo 2014 : 291.999,36 €.
Exercizo 2015 : 291.999,36 €.*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

3(1554).- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA.- LOTE 3 REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE SAMIL. EXPTE. 13677/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 10/12/14, do director deportivo do IMD, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes que di o seguinte:

“1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 18 de xullo de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación para a execución das obras de “CONTRATACIÓN POR LOTES DAS OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA”. EXPTE. 13166/333.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 7 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de “OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA”. EXPTE. 13166/333-lote 3 campo de fútbol de Samil, a favor da mercantil MONDO IBÉRICA, S.A., por un prezo total de 183.300 euros (IVE engadido).

Con data 13/11/2014 o Concello de Vigo formaliza o contrato de adxudicación do lote 3 campo de fútbol de Samil, coa mercantil MONDO IBÉRICA, S.A.

A Xunta de Goberno Local, na sesión e urxente do 24 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou o nomear a D. Miguel Porras Gestido con DNI 36106078B, Arquitecto Colexiado nº 2543 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, como Director Facultativo para as OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA”. EXPTE. 13166/333.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 24 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou o nomear a D. Enrique Alonso Baspino con DNI 35973146L Aparellador Colexiado nº UR 148 do Colexio de Aparelladores de Galicia, como Coordinador de Seguridade e Saúde para as OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA”. EXPTE. 13166/333.

2.- Fundamentos xurídicos:

O artigo 144 Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece no seu punto 1.) que “cando se estableza expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares, e sempre que a total execución da obra estea prevista en máis dunha anualidade, o contratista estará obrigado a presentar un programa de traballo no prazo máximo de trinta días, contados desde a formalización do contrato”.

O artigo 7 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, establece no punto 2.) que:

- O plan de seguridade e saúde deberá ser aprobado antes do inicio da obra, polo coordinador en materia de seguridade e de saúde durante a execución da obra.*
- No caso de obras das Administracións públicas, o plan, co correspondente informe do coordinador en materia de seguridade e de saúde durante a execución da obra, elevarase para a súa aprobación á Administración pública que adxudicase a obra.*

O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente para a execución das OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA”. EXPTE. 13166/333-, define no punto 4, da cláusula 1), que entre as función do director facultativo atopanse as de:

- Informar o programa de traballo presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ó órgano de contratación.
- Aprobar o plan de xestión de residuos presentado polo contratista e propor a súa aceptación ó órgano de contratación.
- Informar o plan de calidade presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ó órgano de contratación, así como a realización de funcións de revisión e supervisión do cumprimento do mesmo.

Así mesmo no punto 5, da clausula 1) do PCAP, entre as funcións do Coordinador de Seguridade atopase a de:

- Informar o plan de seguridade e saúde presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ó órgano de contratación.

En base o exposto, a aprobación dos plans de seguridade e saúde previo informe favorable do Coordinador de Seguridade e Saude, e o programa de traballo, así como os plans de xestión de residuos, e de calidade, previo informe da dirección facultativa, deberán ser aprobados pola Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

Cómpre ter en conta que só queda pendente de aprobación o Plan de Calidade, xa que o programa de traballo, Plan de Xestión de Residuos e Plan de Seguridade e Saúde, cos preceptivos informes favorables xa foron aprobados nos exptes 13166-333 e 13594-333.

3.- Proposta:

En relación o citado expediente a mercantil MONDO IBÉRICA, S.A. como adxudicataria da execución das obras presenta os seguintes documentos:

- Plan de control de calidade presentado polo adxudicatario con data 5/12/2014.

Os citados documentos se anexan a este expediente 13677-333.

Con data 5/12/2014 a dirección facultativa formada por D. Miguel Porras Gestido, de acordo co nomeamento aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 24 de novembro de 2014, informa de conformidade os seguintes documentos presentados pola mercantil MONDO IBÉRICA, S.A.:

- Plan de control de calidade presentado polo adxudicatario con data 5/12/2014.

Polo exposto proponse a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de organo de contratación a aprobación da seguinte proposta:

Primeiro: Aprobar o plan de control de calidade presentado pola mercantil MONDO IBÉRICA, S.A. con data 5/12/2014 e de acordo co informe favorable de data 5/12/2014 asinados por D. Miguel Porras Gestido, como director facultativo nomeado para das OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA". EXPTE. 13166/333-lote 3 campo de fútbol de Samil.

Segundo: Do presente acordo darase traslado a empresas adxudicataria das OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA". EXPTE. 13166/333-lote 3 campo de fútbol de Samil, MONDO IBÉRICA, S.A."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1555).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR O 53º GRAN PREMIO PEDESTRE DE NADAL (CARREIRA DO PAVO 2014), O VINDEIRO 21 DE DECEMBRO. EXPTE. 13562/333.

Examinadas as actuación do expediente, dáse conta do informe-proposta do 17/12/14, do director deportivo do IMD, asinado xuridicamente polo secretario de Admon. Municipal e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

“1.- ANTECEDENTES:

A entidade da Federación Gallega de Atletismo con (CIF:G15103500) solicitou o día 27-11-2014, a través do Rexistro Municipal (Doc.140144478) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: 53º GRAN PREMIO PEDESTRE DE NADAL*
- *Data: 21 de decembro de 2014*
- *Horario:*
 - *Inicio e fin evento:10.00 h a 14.00h*
 - *Inicio do Montaxe:10.00h.*
 - *Fin do desmontaxe:14.00h.*

A entidade solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que comenzará ás 10.30 horas coa carreira dos benxamíns, 10.40h alevíns, 10.50h infantil,11.05h cadete e a absoluta que comenzará ás 11.25h e percorrerá por Pza de Compostela onde te atopará a saída, seguindo por Areal, xiro en Areal, Serafín Avendaño, volta por Areal, Colón, Marqués de Valladares, Fermín Penzol, Joaquin Yañez, Palma, Real, Teófilo Llorente, Subida Praza da Pedra, Oliva, Gamboa, Carral, Montero Rios, García Olloqui, Luis Taboada, Concepción Areal, Pza de Compostela e meta.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Protección civil*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano , con exclusión das travesías, e que o solicitante

manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refiére o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

A entidade solicitante deberá cumprir as "Normas xerais sobre a utilización de espazos públicos" aprobadas pola Comisión de Goberno o 17 de marzo de 2003.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Federación Gallega de Atletismo a organizar o vindeiro domingo 21 de decembro de 2014, a carreira denominada 53º GRAN PREMIO PEDESTRE DE NADAL a carreira comenará ás 10.30 horas coa carreira dos benxamíns, 10.40h alevíns, 10.50h infantil, 11.05h cadete e a absoluta que comenará ás 11.25h e percorrerá por Pza de Compostela onde estará a saída, seguindo por Areal, xiro en Areal, Serafín Avendaño, volta por Areal, Colón, Marqués de Valladares, Fermín Penzol, Joaquín Yañez, Palma, Real, Teófilo Llorente, Subida Praza da Pedra, Oliva, Gamboa, Carral, Montero Rios, García Olloqui, Luis Taboada, Concepción Areal, Pza de Compostela e meta."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

5(1556).- REVISIÓN DE PREZOS DO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA. EXPTE. 12791/332.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes de fiscalización do 25/11/14 e xurídico do 16/12/14, dáse conta do informe-proposta do 02/12/14, do técnico medio de actividades culturais e educativas, conformado pola concelleira de Educación e pola concelleira de Facenda, que di o seguinte:

"INFORME-PROPOSTA:

(modificado consonte ao recollido no informe de intervención de data 25/11/2014)

Antecedentes:

1. José María Pascual Franco, en nome e representación da entidade Newlink Mc Kinney-Pascual S.L. con NIF B22210843, solicita con data de rexistro de entrada municipal do 30 de abril de 2013 (nº doc 130047996 que se achega ao presente expte.) a revisión do prezo por incremento do IPC do contrato para a ampliación de 150 prazas pola prestación dun servizo integral para a organización e desenvolvemento do Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (coñecido como PILIVIGO ou VIGO EN INGLES, expte. 12791-332). Cómpre indicar que ate agora non se tramita o expte. obxecto deste informe, porque os distintos responsables políticos do servizo de educación non deron a orde para elo, e por non existir crédito na partida 3210.227.99.17 programa educativo "Aulas Internacionais" do orzamento 2013, nin tampouco saldo suficiente na bolsa 22 do orzamento 2013 para atender dita solicitude.

2. A Xunta de Goberno Local mediante acordo adoptado o 6 de xuño de 2011, acordou a contratación para a ampliación en 150 prazas do programa de inmersión en lingua inglesa (expte. 12791-332)

- 2.1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente 12791-332 polas razóns expostas polo Xefe do servizo de Educación de 19-05-2011.
- 2.2º.- Aprobar o gasto de 375.000.-€ para a contratación dos servizos para a ampliación en 150 prazas do Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (Pilivigo 2011), aplicándose á partida 3210.227.99.17 (Bolsa de Vinculación) dos presupostos do ano 2011.
- 2.3º.- Aprobar o expte de contratación dos servizos para a ampliación en 150 prazas do Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (Pilivigo) que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 19/05/2011 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto con múltiples criterios de data 24/05/2011.
- 2.4º.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o Diario Oficial de Galicia.

3. A Xunta de Goberno Local adoptou na súa sesión extraordinaria e urxente do 24 de agosto de 2011, o acordo de adxudicar á mercantil Newlink McKinney Pascual, S.L, por procedemento aberto e ordinario a contratación do servizo integral para a organización e desenvolvemento do programa de inmersión en lingua inglesa (expte. 12791-332) por un prezo total de 375.000.-€ Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

4. A Xunta de Goberno Local adoptou o 22 de xuño de 2012, entre outros, o seguinte acordo: "Autorizar a prórroga para o período comprendido entre o 12 de setembro de 2012 e o 11 de setembro de 2013 do contrato para a execución da ampliación do programa municipal de Inmersión en Lingua Inglesa (PILIVIGO), adxudicado á empresa. Newlink McKinney Pascual, S.L. por acordo da Xunta de Goberno Local do 24 de agosto de 2011".

Lembremos que tanto no PCA particulares coma na adxudicación inicial se establece un prazo de duración do contrato de un ano prorrogable por outro ano máis. O contrato iniciouse o 12 de setembro de 2011 e remataba o 11 de setembro de 2012, pero o mesmo foi prorrogado ate 11 de setembro de 2013.

Cómpre saliantar que a prestación do citado contrato para a ampliación en 150 prazas, ten rematado coa estada e inmersión lingüística de 150 alumnos en High Schools de integración de Reino Unido ao longo de tres semanas (do 15/09/2012 ao 06/10/2012). Polo tanto, esta iniciativa municipal de inmersión lingüística, foi desenvolvida de xeito íntegro e satisfactorio, de conformidade cos parámetros didácticos e pedagóxicos de funcionamento contidos nos pregos de condicións administrativas e técnicas que rexeron o citado contrato.

Fundamentación xurídica:

1º.- A revisión de prezos deste contrato está regulada na cláusula 29 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e na cláusula 3.J das Follas das características do contrato (FEC en diante). En ditas cláusulas se recolle que procederá a primeira revisión de prezos do contrato unha vez transcorrido o prazo dun ano desde a data de adxudicación co contrato. Polo tanto, a primeira revisión tería lugar con efectos dende o 24 de agosto de 2011. Non obstante o anterior como queira que o inicio da execución do contrato tivo lugar o 1 de setembro de 2012 procede a revisión nesta última data.

2º.-Fórmula de cálculo: Segundo a cláusula 3.J das FEC, prevese que a primeira revisión farase transcorrido un ano dende a data de adxudicación e recollerá o 85% da variación que experimente o IPC nacional no período que medie entre a data de revisión (01/09/2011) e a data de adxudicación (24/08/2011), sempre que se produza no prazo de tres meses desde a finalización do prazo de presentación de ofertas (que remataba o 23 de xuño de 2011) ou respecto da data

en que termine o prazo de tres meses (23 de setembro) se a adxudicación se produza con posterioridade.

Como queira que non transcorreran tres meses desde a finalización do prazo de presentación de ofertas e a adxudicación definitiva, debemos ter en conta a variación experimentada polo IPC nacional entre agosto de 2011 e agosto de 2012. A variación experimentada no período de referencia foi do 2,7%. Polo tanto o índice que debemos aplicar é o $(0,85 \times 2,7) = 2,30\%$.

En consecuencia, para a revisión IPC agosto 2011 – agosto 2012, para actualización do contrato no período do 1 de setembro 2012 ao 31 de agosto de 2013, debemos ter en conta o índice a aplicar (2,30%) sobre o importe do prezo do contrato inicial (375.000,00.-€), é dicir: $375.000,00.-€ \times 2,30\% = 8.625,00.-€$, que sería o importe da actualización imputable ao exercizo 2014 correspondente á revisión de IPC.

Para poder afrontar o gasto indicado e conforme ás instrucións da Concelleira de Educación, detraeráse esta obriga económica da partida 3210.227.99.17 (programa educativo Aulas Internacionais), xa que ademais de imputarse á mesma o importe do contrato do programa "Vigo en Inglés 2014" conta con saldo suficiente no que resta de ano, polo que non afectará ao normal desenvolvemento do Servizo.

Documentación achegada:

No presente expediente figura, entre outras, a seguinte documentación:

A totalidade do expediente 12791-332

Á vista das anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

1º.- Aprobar a revisión IPC período Agosto de 2011 - Agosto de 2012, nun 2,7% sendo o 85% deste 2,30% para a actualización do contrato de servizos para ampliación en 150 prazas do programa de inmersión en lingua inglesa (Pilivigo) no período setembro de 2012 - Agosto de 2013 (expte. 12791-332), quedando o importe do contrato actualizado para este período en 383.625,00.-€

2º.- Recoñecer en concepto de atrasos polo período comprendido entre setembro de 2012 e agosto de 2013, a cantidade total de 8.625,00.-€ a favor de New Link S.L.

3º.- Dito gasto efectuarase con cargo á partida presupostaria 3210.227.99.17 (programa educativo Aulas Internacionais) en concepto de cotas pendentes."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

6(1557).- REVISIÓN DE PREZOS DO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA. EXPTE.10410/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 25/11 e xurídico do 16/12/14, dáse conta do informe-proposta do 02/12/14, do técnico medio de actividades culturais e educativas, conformado pola concelleira de Educación e pola concelleira de Facenda, que di o seguinte:

“INFORME-PROPOSTA:

(modificado consonte ao recollido no informe de intervención de data 25/11/2014)

Antecedentes:

1. José María Pascual Franco, en nome e representación da entidade Newlink Mc Kinney-Pascual S.L. con NIF B22210843, solicita con data de rexistro de entrada municipal do 30 de abril de 2013 (nº doc 130047996 que se achega ao presente expte.) a revisión do prezo por incremento do IPC do contrato das 125 prazas iniciais pola prestación dun servizo integral para a organización e desenvolvemento do Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (coñecido como PILIVIGO ou VIGO EN INGLES, expte. 10410-332). Cómpre indicar que ate agora non se tramita o expte. obxecto deste informe, porque os distintos responsables políticos do servizo de educación non deron a orde para elo, e por non existir crédito na partida 3210.227.99.17 programa educativo “Aulas Internacionais” do orzamento 2013, nin tampouco saldo suficiente na bolsa 22 do orzamento 2013 para atender dita solicitude.

2. A Xunta de Goberno Local mediante acordo adoptado o 13 de xullo de 2009 adxudicou definitivamente a entidade interesada no presente expediente a contratación dos servizos de execución do programa de inmersión en lingua inglesa, coñecido como o programa PILIVIGO 2009, por un prezo total de 595.000.-€. Todo o anterior dacordo co PCAP e o PCT aprobados pola Xunta de Goberno Local de 4 de maio de 2009, e a oferta presentada.

3. A Xunta de Goberno Local adoptou o 07 de marzo de 2011, entre outros, o seguinte acordo: “Autorizar a prórroga para o período comprendido entre o 1 de setembro de 2011 e o 31 de agosto de 2012 do contrato para a execución do programa de Inmersión en Lingua Inglesa (PILIVIGO), adxudicado á empresa Newlink McKinney Pascual, S.L. por acordo da Xunta de Goberno Local do 13 de xullo de 2009”.

Lembremos que tanto no PCAP particulares coma na adxudicación inicial se establece un prazo de duración do contrato de dous anos prorrogables por dous anos máis. O contrato iniciouse o 1 de setembro de 2009 e remataba o 31 de agosto de 2011, pero o mesmo foi prorrogado ate 31 de agosto de 2013.

Cómpre saliantar que a prestación do citado contrato ten rematado coa estadía e inmersión lingüística de 125 alumnos en High Schools de integración de Reino Unido e Irlanda ao longo de tres semanas (do 20/09/2012 ao 11/10/2012). Polo tanto, esta iniciativa municipal de inmersión lingüística, foi desenvolvida de xeito íntegro e satisfactorio, de conformidade cos parámetros didácticos e pedagóxicos de funcionamento contidos nos pregos de condicións administrativas e técnicas que rexeron o citado contrato.

3. A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 18 de xuño de 2012, entre outros adoptou o acordo de aprobar as seguintes revisións dos IPCS a favor de Newlink Mc Kinney-Pascual, S.L. pola contratación do programa de inmersión en Lingua Inglesa (Pilivigo, expte 10410-332):

- 3.1º.- Aprobar a 1ª revisión IPC periodo Xuño 2009 – Agosto 2010, para actualización do contrato no periodo Setembro 2010 – Agosto 2011, fixando o prezo para ese periodo en 300.802,25.-€ (297.500,00 X 1,0111) con cargo á aplicación orzamentaria 3210.227.99.17.
- 3.2º.- Aprobar a 2ª revisión IPC periodo Agosto 2010 – Agosto 2011, para actualización do contrato no periodo Setembro 2011 – Agosto 2012, fixando o prezo para ese periodo en 308.472,71.-€ (300.802,25 X 1,0255) con cargo á aplicación orzamentaria 3210.227.99.17.
- 3.3º.- Dispoñer un gasto de 14.274,96.-€, con cargo á aplicación orzamentaria 3210.227.99.17, a favor de Newlink Mc Kinney-Pascual S.L., con seguinte desglose:

- 3.302,25.-€ atrasos correspondentes á 1ª revisión, periodo setembro 2010-agosto 2011
- 3.302,25.-€ atrasos correspondentes á 1ª revisión, periodo setembro 2011-agosto 2012
- 7.670,46.-€ atrasos correspondentes á 2ª revisión, periodo setembro 2011-agosto 2012

Fundamentación xurídica:

1º.- A revisión de prezos deste contrato está regulada na cláusula 3ª do Prego de Cláusulas Administrativas particulares e na cláusula 9 das Follas das características do contrato (FEC en diante). En ditas cláusulas se recolle que procederá a revisión de prezos do contrato unha vez transcorrido o prazo dun ano desde a data de adxudicación. Polo tanto, como queira que na XGL do 18/xuño/2012 xa foron aprobadas a 1ª e 2ª revisión a favor do adxudicatario da prestación do contrato, cómpre propor a aprobación da seguinte revisión solicitada.

2º.-Fórmula de cálculo: Segundo a cláusula 9 das FEC, prevese que as seguintes revisións faranse transcorridos un ano dende a inmediata anterior e recollerá o 85% da variación que experimente o IPC nacional no periodo comprendido entre a data da revisión inmediata anterior (agosto 2011).

Como queira entón que a revisión de IPC anterior aprobada pola XGL, correspondía ao periodo agosto 2010-agosto 2011, agora debemos ter en conta a variación experimentada polo IPC nacional entre agosto de 2011 e agosto de 2012. A variación experimentada no período de referencia foi do 2,7%. Polo tanto o índice que debemos aplicar é o $(0,85 * 2,7) = 2,30\%$.

En consecuencia, para a 3ª revisión IPC agosto 2011 – agosto 2012, para actualización do contrato no periodo do 1 de setembro 2012 ao 31 de agosto de 2013, debemos ter en conta o índice a aplicar (2,30%) sobre o importe do prezo do contrato actualizado (308.472,71.-€), é dicir: $308.472,71.-€ \times 2,30\% = 7.094,87.-€$, que sería o importe da actualización imputable ao exercizo 2014 correspondente á 3ª revisión de IPC.

Para poder afrontar o gasto indicado e conforme ás instrucións da Concelleira de Educación, detraerese esta obriga económica da partida 3210.227.99.17 (programa educativo Aulas Internacionais), xa que ademais de imputarse á mesma o importe do contrato do programa “Vigo en Inglés 2014” conta con saldo suficiente no que resta de ano, polo que non afectará ao normal desenvolvemento do Servizo.

Documentación achegada:

No presente expediente figura, entre outras, a seguinte documentación:
A totalidade do expediente 10410-332

Á vista das anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

A C O R D O

1º.- Aprobar a 3ª revisión IPC periodo Agosto de 2011 - Agosto de 2012, nun 2,7%, sendo o 85% deste 2,30% para a actualización do contrato de programa de inmersión en lingua inglesa (Pilivigo 2009) no periodo setembro de 2012 - Agosto de 2013 (expte. 10410-332), quedando o importe do contrato actualizado para este periodo en 315.567,58.-€

2º.- Recoñecer en concepto de atrasos polo periodo comprendido entre setembro 2012 e agosto de 2013, a cantidade total de 7.094,87.-€.-€ a favor de New Link S.L.

3º.- Dito gasto efectuarase con cargo á partida presupostaria 3210.227.99.17 (programa educativo Aulas Internacionais) en concepto de cotas pendentes.”

Acordo

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

7(1558).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS. EXPTE. 102456/140.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do seguinte informe do 16/12/14, do interventor xeral municipal:

“Lexislación aplicable:

Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.

Base 23 das de Execución do Orzamento de 2014.

INFORME INTERVENCIÓN

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificativo	Data de pagamento	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Barbara Rodríguez Beatriz	201400066219	9220.2260300	9.000,00	8.983,24	30/09/14	30/12/14	16,76	
Cabrera Riande Jorge	201400063383	3133.2279900	1.000,00	999,84	15/09/14	15/12/14	,16	
Escariz Couso Alberto	201400035754	9360.2312000	500,00	192,20	13/06/14	13/09/14	307,80	
Escariz Couso Alberto	201400035755	9360.2302000	206,74	206,74	13/06/14	13/09/14		
Escariz Couso Alberto	201400056301	9220.2219902	500,00	497,34	13/08/14	13/11/14	2,66	
Escariz Couso Alberto	201400056332	9221.1620001	100,00	80,25	13/08/14	13/11/14	19,75	
Escariz Couso Alberto	201400056333	9220.2302000	500,00	452,36	13/08/14	13/11/14	47,64	
Escariz Couso Alberto	201400056334	9220.2312001	300,00	175,58	13/08/14	13/11/14	124,42	
Escariz Couso Alberto	201400065650	9310.1620000	338,80	338,80	29/09/14	29/12/14		
Escariz Couso Alberto	201400074028	9220.2219901	191,81	191,81	30/10/14	30/01/15		
Escariz Couso Alberto	201400075576	9227.1620000	2.500,00	2.250,00	05/11/14	05/02/15		
Escariz Couso Alberto	201400080842	9227.1620000	300,00	300,00	24/11/14	24/02/15		
Espada Recarey Luis	201400063258	1693.2310000	1.000,00	905,08	12/09/14	12/12/14	94,92	
Espada Recarey Luis	201400063259	1693.2300000	1.000,00	549,74	12/09/14	12/12/14	450,26	
Espada Recarey Luis	201400063260	1693.2260600	5.000,00	4.688,02	12/09/14	12/12/14	311,98	
Espada Recarey Luis	201400063261	1693.2200000	500,00	292,00	12/09/14	12/12/14	208,00	
Espada Recarey Luis	201400068385	1693.2230000	1.000,00	993,77	09/10/14	09/01/15	6,23	
Fernandez Fernandez Paz	201400027540	2310.2279900	2.330,00	1.962,00	14/05/14	14/08/14	368,00	
Gutierrez Orue Fco. Javier	201400064324	2410.2312005	1.000,00	1.000,00	23/09/14	23/12/14		
Magdalena Vila Mª Xesus	201400079953	9310.1620000	350,00	250,00	24/11/14	24/02/15	100,00	

Magdalena Vila Mª Xesus	201400071009	9310.1620000	630,00	570,00	22/10/14	22/01/15	60,00	
Magdalena Vila Mª Xesus	201400071010	9310.2302000	328,81	328,81	22/10/14	22/01/15		
Magdalena Vila Mª Xesus	201400071011	9310.2312000	450,00	353,02	22/10/14	22/01/15	96,98	
Martínez Muñoz Francisco	201400058746	1320.2269900	3.000,00	2.256,79	28/08/14	28/11/14	743,21	
Martínez Muñoz Francisco	201400058748	1320.2312000	600,00	21,90	28/08/14	28/11/14	578,10	
Quintela Rodríguez Mª José	201400071910	2310.4810000	349.051,20	348.967,71	27/10/14	27/01/15	83,49	
Vietes Alén José Manuel	201400070779	9220.2260300	6.000,00	5.967,04	21/10/14	21/01/15	32,96	
TOTAL			22.437,35	20.811,00			1.376,35	

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
<i>Se rendiron no prazo establecido, a excepción dos libramentos nº 201400035754, 201400035755, 201400056301, 201400056332, 201400056333, 201400056334 de Escariz Couso Alberto. 201400027540 de Fernandez Fernandez Paz. 201400058746 e 201400058748 de Martínez Muñoz Francisco</i>	✓	
<i>A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.</i>	✓	
<i>Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.</i>	✓	
<i>Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.</i>	✓	
<i>Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante.</i>	✓	

Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
	<i>Os libramentos nº 201400035754, 201400035755 de Escariz Couso Alberto e 201400027540 de Fernandez Fernandez Paz.</i>	

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

8(1559).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, LIMPEZA URBANA E DE PRAIAS. EXPTE. 4323/252.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10/12/14, dáse conta do informe-proposta do 05/12/14, do xefe do servizo conformado polo concelleiro de Limpeza e pola concelleira de Facenda, que di o seguinte:

“1.- ANTECEDENTES

A entidade mercantil, “Fomento de Construcciones y Contratas, S.A.”, a medio do escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo en data 4 de xuño de 2013, Doc.: 130065983, modificado posteriormente co escrito de data 24 de abril do 2014, Doc.: 140048890, como adxudicataria do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e limpeza de praias neste Concello, **solicitou a oitava revisión ordinaria do prezo do contrato que terá efectos na anualidade comprendida entre o 1 de xuño de 2011 e o 31 de maio de 2012.**

En data 26 de febreiro do 2001, o Pleno do Concello de Vigo acordou adxudicar o contrato de concesión do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e de praias do termo municipal de Vigo á mercantil Fomento de Construcciones y Contratas, S.A. en diante FCC.

En data 8 de maio do 2001 asinouse o contrato entre a Concesionaria e o Concello de Vigo, iniciándose a prestación o día 1 de xuño seguinte, cun prazo contratual de 16 anos e por un importe anual de 13.459.001,06 euros (ive 7% engadido) naquel momento.

En datas 30/12/2005 e 12/06/2007, a Xunta de Goberno Local aprobou respectivamente a primeira e segunda revisións ordinarias do prezo do contrato, que posteriormente foron corrixidas por acordo do mesmo órgano de data 30/12/2008 no que se aprobou tamén a terceira revisión ordinaria do prezo, resultando uns coeficientes de revisión: $K_{2004}=1,2743$; $K_{2005}=1,340$; e $K_{2006}=1,401$.

En data 7/07/2009 a Xunta de Goberno Local aprobou a renovación de medios materiais e maquinaria adscritos á concesión, cunha inversión de 10.230.000 euros, cuxa cuota de amortización máis financiamento se calcularía para 96 mensualidades (8 anos) a partir do día 1 de abril do 2009, e devengaría a partir do día primeiro do mes seguinte ao da efectiva incorporación dos vehículos.

En data 4/09/2009 a XGL aprobou a primeira revisión extraordinaria do contrato (ampliación), por un importe de 2.386.704,59 euros/ano (ive 7% engadido) actualizado nese momento co coeficiente de revisión $K_{2006}=1,401$ (o que supón un importe de 1.599.110,99€/ano referido ao ano orixe do contrato).

En data 4/12/2009 a XGL aprobou a cuarta revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2007}=1,4674$ para o período 1/06/2007 a 31/05/2008, do que resultou un prezo do contrato de 19.016.336,73€/ano (non inclúe a ampliación mencionada no punto sexto destes antecedentes).

En data 30 de xuño do 2010 asinouse o acta de recepción constatando a efectiva incorporación ao servizo de todos os vehículos renovados, de xeito que a partir do día primeiro do mes seguinte (1 de xullo do 2010) procede facturar en consecuencia o novo importe do termo da amortización máis o financiamento da inversión, calculado en 96 mensualidades e aprobado na XGL de 07/07/2009 por importe de 1.580.685€/ano. Este novo importe, modifica o termo da amortización máis o financiamento que se inclúe no cánon anual, pasando a ser este de 1.897.107,75 euros anuais, dos que 1.580.685€ son polos novos medios incorporados e 316.422,75€ polos medios non renovados que se amortizan a 16 anos dende o inicio do contrato.

En data 1 de xullo do 2010 modificouse o tipo do imposto sobre o valor engadido (IVE), incrementándose do 7% ao 8%, e modificando en consecuencia o importe total do contrato.

En data 29/12/2010 a XGL aprobou a quinta revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2008}=1,5044$, e con efectos no período 1 de xuño do 2008 ao 31 de maio do 2009.

En data 2/05/2011 a XGL acordou aboar á empresa concesionaria o importe íntegro do concepto de amortización máis financiamento pola renovación de medios materiais correspondente aos meses de abril do 2009 a xuño do 2010 (15 mensualidades), liquidando en consecuencia a débeda xerada por este concepto ata ese intre dado que o acordo da renovación incluía amortizacións dende o mes de abril do 2009. Cabe lembrar que a partir do día 1 de xullo do ano 2010, a empresa facturou xa mensualmente o importe íntegro da nova amortización.

En data 23/12/2011 a XGL aprobou a sexta revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2009}=1,5435$, resultando un prezo total de 22.670.191,71€/ano iva 7% engadido (22.882.062,67 €/ano, iva 8% engadido), para o período 1 de xuño do 2009 ao 31 de maio do 2010.

En data 16/03/2012 a XGL aprobou a segunda revisión extraordinaria do contrato, cunha ampliación do servizo de limpeza en varias rúas da cidade sen custe para o Concello, e eximindo á concesionaria da obriga da construción do Centro ecolóxico ao que viña obrigada por contrato. O novo prezo foi de 22.824.144,67€/ano (iva 8% engadido) con efectos dende o día 1 de xaneiro dese ano 2012.

En data 1 de setembro do 2012 modificouse o tipo do imposto sobre o valor engadido (IVE), incrementándose do 8% ao 10%, e modificando en consecuencia o importe total do contrato.

En data 27/09/2013 a XGL aprobou a sétima revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2010}=1,6164$ para o período 1/06/2010 a 31/05/2011, do que resultou un prezo do contrato de 24.611.297,02€/ano (IVE 10% engadido).

2.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

A posibilidade de revisión de prezos do contrato aparece recollida na cláusula VII do prego de cláusulas administrativas particulares que rexeron o concurso, e que indica o teor literal que a continuación se transcribe:

a) Revisión Ordinaria:

O prezo contractual será obxecto de revisión anual de acordo a seguinte fórmula:

$$\text{Prezo actualizado} = [(Po - \text{Amortización}) K + \text{Amortización}] T$$

Na que:

- Po = Prezo inicial do contrato IVE excluído.
- T = Índice multiplicador que recolle o tipo impositivo do iva aplicable á operación.
- K = coeficiente de revisión calculado mediante a seguinte expresión:

$$K = A (Mt/Mo) + B (Gt/Go) + C (Rt/Ro)$$

Donde A, B e C son coeficientes ponderados de participación (expresados en centesimas), relativos á incidencia porcentual de cada un dos índices correspondentes ós capítulos de persoal (A), combustibles e lubricantes (B) e outros gastos fixos anuais (C).

O concepto Amortización defínese como o “valor do termo constante da renda inmediata post-pagable necesaria para amortizar o capital invertido - obxecto de reversión- en “n” períodos de tempo, ao tanto unitario i , en base a pagamentos mensuais”.

